



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A COORDINACIÓN SOCIOSANITARIA CON MENORES INSTITUCIONALIZADOS

En Santiago de Compostela, a 25 de outubro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, de 21 de febreiro, polo que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.



Doutra, don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, actuando en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento por Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Ambas as dúas partes, no nome e na representación coa que concorren e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

1. De conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á consellería de Sanidade, creado pola Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o adecuado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, e que integra as medidas conducentes á promoción e protección da saúde na Comunidade Autónoma galega.



2. Polo Decreto 168/2010, do 7 de outubro, regúlase a estrutura organizativa de xestión integrada como instrumentos de organización no ámbito periférico do Servizo Galego de Saúde. Estas estruturas de xestión sanitaria asumen a xestión funcional dos recursos, as prestacións e os programas de atención sanitaria, sociosanitaria e de promoción e protección da saúde.



Así mesmo, o Decreto 193/2010, do 18 de novembro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Ferrol crea a mesma (en adiante, EOXI de Ferrol) e define o seu ámbito de actuación no seu anexo no que inclúe a xestión de todos os servizos sanitarios (atención primaria, especializada e sociosanitaria) dos concellos desta área xeográfica.



3. A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13. 1. b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

4. De acordo co artigo 71 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia "o acollemento residencial comporta o ingreso dun menor nun centro residencial de titularidade da Comunidade Autónoma ou dunha institución pública ou privada colaboradora, co obxecto de recibir a atención, a educación e a formación axeitadas que, polo menos temporalmente, non lle poida proporcionar a súa propia familia.

Consonte o establecido no artigo 21 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, o acollemento residencial ten carácter subsidiario respecto do familiar e das demais medidas de protección do menor.

5. Os centros de protección de menores son aqueles que ofrecen aloxamento, asistencia integral e unha dotación de servizos e programas especialmente orientados a conseguir a normalización e integración sociofamiliar dos menores acollidos.



Os centros deben reproducir as condicións de vida dos menores da forma máis próxima á dunha familia normalizada, desde o formato da vivenda ata a súa atención integral e compensadora das súas deficiencias. Estes centros proporcionan unha atención comprensiva das seguintes prestacións: aloxamento, mantenza, apoio psicosocial e educativo, seguimento escolar, promoción da saúde, animación planificada do tempo libre, formación nas habilidades sociais básicas e colaboración, apoio e orientación ás familias dos menores.



6. O Centro de Menores Ferrol I é un centro de acollemento residencial de nenos e nenas en situación de tutela ou garda administrativa. Trátase dun centro de titularidade e xestión pública, adscrito á Consellería de Política Social.

Conta con 42 prazas, 32 de internamento e 10 de atención de día. Atende a menores de ambos os dous sexos de entre 4 e 18 anos.

7. O perfil dos menores necesitados de protección administrativa foi cambiando e cada vez é maior o número de nenas e nenos que, en idades cada vez máis temperás, manifestan problemáticas relacionadas coa saúde mental, aos que se da resposta dende toda a rede de recursos de protección. Neste sentido, dentro das obrigas da Xunta de Galicia de favorecer o desenvolvemento integral dos menores do sistema de protección, o artigo 42 d) da Lei 3/2011, do 30 de xuño, reconece o dereito dos menores á protección e promoción da súa saúde e á atención sanitaria de acordo coa lexislación vixente.

Trátase dunha situación complexa pola característica institucionalizadora que precisa dunha flexibilidade que teña en conta as circunstancias especiais nas que estes menores se atopan. Estas circunstancias requiren da coordinación dos dous sistemas de protección que deben actuar, o centro de menores e os profesionais da saúde mental, para dar unha resposta eficaz a unha poboación cun alto grado de vulnerabilidade. Por isto é preciso unha asistencia directa, privilexiando a “abordaxe do caso” individual daqueles pacientes menores de idade institucionalizados no centro de Menores Ferrol I que superan a idade pediátrica.

Dada a concorrencia de intereses públicos, de cuxa xestión son responsables o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Política Social, ambos os dous órganos xestores acordan asinar o seguinte acordo de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto promover a coordinación entre a Consellería de Política Social e o Servizo Galego de Saúde, concretamente dende o Centro de Menores Ferrol I e o Servizo de Psiquiatría da EOXI de Ferrol, para garantir unha axeitada atención á saúde mental daqueles menores que se atopen en situación de acollemento residencial naquela franxa de idade na que, superada a idade pediátrica, continúan sendo menores de idade (16-18 anos).

Segunda. Ámbito de aplicación



Co obxectivo de realizar unha abordaxe en réxime ambulatorio de pacientes maiores de 16 anos en acollemento residencial no Centro de Menores Ferrol I que presenten diferentes trastornos mentais, o Servizo de Psiquiatría da EOXI de Ferrol asignará a un único facultativo a función de atención directa para os menores en acollemento residencial nese centro de entre 16 e 18 anos que presenten necesidades de atención especializada de saúde mental, cunha dispoñibilidade finalista específica que garanta o establecemento dunha rede flexible e funcional para a atención destes pacientes.

Terceira. Actuacións da Consellería de Política Social, a través do centro de menores Ferrol I

1. O acceso a esta atención específica realizarase a petición do Centro Ferrol I para aqueles menores que entren dentro das características descritas na cláusula primeira deste acordo e que sexan derivados pola Unidade de Saúde Mental infanto-xuvenil ou polo Médico de Atención Primaria.

2. En caso de que o centro de menores avise da existencia dunha situación que requira de atención de carácter urxente, o psiquiatra de referencia contactará co centro telefonicamente nun prazo non superior a 24 horas e fará unha avaliación da situación, determinándose posteriormente o criterio de actuación.

En caso de producirse durante a fin de semana, festividade ou en situación de ausencia do responsable, a atención sanitaria realizarase a través do servizo de urxencias quen requirirá ao psiquiatra de garda a valoración do caso.

Cuarta. Actuacións do Servizo Galego de Saúde, a través da EOXI de Ferrol

1. O responsable de saúde mental da EOXI de Ferrol será o facultativo de referencia quen, en función das características e da evolución do caso, establecerá o plan terapéutico individualizado.

2. Para as atencións de seguimento e revisión dos menores cubertos por este acordo, o Servizo de Psiquiatría da EOXI de Ferrol establecerá unha franxa horaria na axenda do psiquiatra de referencia cunha frecuencia 1 día/mes.

Quinta. Financiamento

A sinatura do presente convenio non supón compromiso económico algún para as partes asinantes e en consecuencia non precisa consignación orzamentaria.

Sexta. Protección de datos de carácter persoal



En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e a demais normativa de desenvolvemento, o manexo dos datos de carácter persoal que se derive do presente convenio queda suxeito ao disposto na normativa legal.

As partes están obrigadas a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal que traten no cumprimento do convenio, obriga que subsistirá aínda cando finalice a vixencia do mesmo.

Sétima. Comisión de seguimento, vixilancia e control

Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio e que resolva as controversias xurdidas como consecuencia da súa execución.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, e reunirse a solicitude de calquera delas, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

Oitava. Causas de resolución do convenio.

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen se ter acordado a súa prórroga.

2. O acordo unánime de todos os asinantes.

3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que satisfaga nun determinado prazo as obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio.

4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste convenio ou nunha lei.

Novena. Vixencia

Este convenio terá unha vixencia de catro anos contados desde o día seguinte da súa sinatura.

Non obstante, as partes, de mutuo acordo, poderán acordar a súa prórroga anual, por un período de ata catro anos adicionais mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser subscrito cunha anterioridade de polo menos trinta días á data de vencemento do convenio.



Décima. Natureza do convenio e xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa e queda fora do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, segundo dispón o seu artigo 4.1 d).

Non obstante, consonte co disposto no artigo 4.2 do citado Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ao presente convenio seranlle de aplicación os principios da norma indicada para a resolución das dúbidas e lagoas que puidesen presentarse para o seu efectivo cumprimento.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Undécima. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas que interveñen para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio de colaboración, asínase por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Sanidade e
presidente do Servizo Galego de Saúde

Jesús Vázquez Almuiña



O conselleiro de Política Social

José Manuel Rey Varela

